



## **BASES DO CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2017**

### Artigo 1. Convocatoria.

A Concellería de Xuventude organiza un CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2017 coincidindo co período vacacional. A actividades inclúen obradoiros artístico creativos, manualidades, xogos guiados e libres, etc.

### Artigo 2. Obxectivos.

Os obxectivos do servizo son:

- Desenvolver actividades socioeducativas e de lecer de apoio á infancia aproveitando o período vacacional de nadal
- Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores
- Contribuir á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores do noso contorno
- Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias
- Facilitar o desfrute e a calidade do tempo de lecer dos/as menores
- Favorecer o desenvolvemento integral do neno/a: desenvolvemento motor, intelectual e socioafectivo
- Favorecer a autonomía e a liberdade do neno/a, potenciando a súa creatividade e imaxinación
- Favorecer o proceso de socialización dos/as rapaces/zas

### Artigo 3. Destinatarios/as.

O Servizo está dirixido aos nenos e nenas empadroados/as e nados/as entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2014.

### Artigo 4. Lugar e Data.

Desenvolverase os días 22, 26, 27, 28 e 29 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro no Ceip de A Escardia

### Artigo 5. Horario.

O horario establecido será de 9.00 h. a 14.00 h. establecendo un tempo de merenda a media mañá. O horario de entrada será de 9.00 h a 9.30 h e o horario de saída será de 13.30 h á 14.00 h.



#### Artigo 6. Prazas.

O número de prazas coas que conta o campamento é de 30.

#### Artigo 7. Solicitudes e Proceso de Selección.

1. Solicitudes: As familias deberán presentar unha soa solicitude de inscrición por neno/a (anexo1) (excepto no caso de que se inscriba a varios/as nenos/as da mesma unidade familiar) facilitada na Concellería de Xuventude, acompañada da documentación indicada no Anexo I. As solicitudes deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa en horario de 8.30 h. a 14.30 h. luns a venres.

O prazo de presentación das solicitudes será do 21 de novembro ao 5 de decembro de 2017.

#### 2. Proceso de Selección:

A adxudicación pode ser:

Directa: no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.

Por sorteo público, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles, coa excepción dos/as nenos/as fillos de vítimas da violencia de xénero, así como dos nenos/as derivados dos Servizos Sociais do Concello (20% do número total de prazas), que terán praza adxudicada directamente.

O procedemento de sorteo público, de se-lo caso, levarase a cabo do seguinte xeito:

- Publicación, o día 14 de decembro, da listaxe de admitidos/as ao sorteo co número de participación asignado. Os/as nenos/as que sexan irmáns terán asignado o mesmo número de participación de xeito que, no caso de ter praza adxudicada a terían todos os irmáns, da mesma unidade familiar e que cumpran cos requisitos das presentes bases, participantes.
- Adxudicación, mediante sorteo público, o 15 de decembro ás 12.00 h no Salón de Plenos do Concello
- Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as o 18 de decembro nos taboleiros da Concellería de Xuventude e na páxina web municipal

#### Artigo 8. Listaxe de agarda.

Publicada a listaxe definitiva dos/das admitidos/as confeccionarase unha listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos, que seguirá a orde de resultado do sorteo.

En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as entrarán no servizo seguindo a orde na que figuren na lista.

#### Artigo 9. Causas de baixa.

A baixa no servizo de Campamentos Urbano de Nadal poderá producirse por algunha destas causas:

- a petición dos pais, nais, titores ou representantes legais de ser baixa no servizo e que a fagan constar por escrito



- incumprimento reiterado das normas establecidas no funcionamento do servizo
- non asistencia ao servizo sen causa xustificada de dous días consecutivos ou tres nunha semana.

#### Artigo 10. Faltas ao servizo

Será considerada falta ao servizo a non asistencia.

Considerarase causa xustificada aquelas faltas que, aportando a documentación correspondente, fosen motivadas:

- Saúde: enfermidade ou asistencia a consultas ou tratamentos médicos/especialistas.
- Laborais: modificación de turnos de traballo/ formación dos pais, nais, titores ou representantes legais.
- Cumprimento de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial.

O resto de faltas na asistencia ao servizo serán consideradas faltas sen xustificar, cun máximo de dúas faltas consecutivas ou tres nunha semana.

#### Artigo 11. Dereitos e Obrigas dos usuarios.

a). Dereitos dos usuarios:

- 1- Bo trato, por parte do persoal do servizo e dos demais usuarios.
- 2- A confidencialidade sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- 3- Proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- 4- Favorecer a súa participación nas actividades do servizo.

b) Obrigas dos usuarios:

- 1- Cumprir as normas establecidas para o bo funcionamento do servizo, indicadas no Anexo III destas bases.
- 2- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos/as demais usuarios/as.

#### Artigo 12. Cota.

A actividade é gratuíta.

#### Observacións:

A Concellería de Xuventude e a empresa concesionaria do desenvolvemento das actividades do Campamento Urbano de Nadal non se farán responsables dos posibles obxectos persoais que deixen os/as participantes o último día de campamento, polo que se prega a cada pai/nai que revisen, o último día antes de abandonar o campamento, as pertencencias dos seus fillos/ fillas



Anexo I. Documentación a presentar

Fotocopia DNI do pai, nai ou titor/a do/a menor

Fotocopia DNI ou folia do Libro de Familia correspondente do menor solicitante

No caso de fillos/as de vítimas de violencia de xénero informe do CIM

No caso de derivación de Servizos Sociais (prazas reservadas para menores participantes nos programas de educación familiar) informe do devandito departamento

Nenos/as con necesidades educativas especiais deberán aportar o informe técnico/médico/especialista pertinente